

Fran Alonso

## Enfermidade

Abriu o libro, con fastío. O tempo detivéraselle naquela cama do hospital; tamén na gorxa, onde prendera facendo un nó; e agora, naquel libro que alguén deixara alí, vía igualmente o tempo detido, lacerante, a humillalo na enfermidade.

Mirou con desgana as ilustracións, nas que se vía un neno, vestido de verde. Logo, pousouno sobre a colcha.

Ao día seguinte volveu abri-lo.

De novo, mirou as ilustracións, con fastío.

E así fixo durante os días seguintes.

Collíao, ollaba con abandono algunha páxina ilustrada e pechábao.

Nunca na súa vida lera un libro.

Observando as ilustracións pretendía deixar de pensar na morte, porque nos hospitais, con rostros moi diferentes pero doadamente recoñecibles, a morte sae a pasear a cotío polos cuartos e os corredores.

Claro que ás veces, a morte non lle parecía mal negocio.

Estaba canso de loitar pola vida, da maldita miseria que sempre o acompañara.

Se cadra, os médicos comprendíanlo, pois estaba seguro de que se dirixían a el con benevolencia, quizais con lástima.

As ilustracións parecéronlle infantís, ridículas, demasiado ridículas.

Aínda que eran estrañas.

Claro que el tampouco estaba habituado a ver ilustracións.

Mesmo o neno que aparecía nelas era desconcertante.

Ás veces abandonaba o libro durante varios días, sen abri-lo.

Unha mañá, case sen quere-lo, leu unhas liñas.

Era a primeira vez que reparaba nas letras daquel libro.

Nunca lía.

E, tamén case sen quere-lo, logo de pechalo, volveu abri-lo.

Retomou a última palabra que lera.

De vagar, moi de vagar, case coa velocidade dun caracol, botouse a ler, intentando interpretar cada palabra, cada letra, cada riscadura.

Era como cando un sae a buscar de comer.

Unha vez que se sae, hai que atopar.

Una de cada cinco personas no puede leer este texto

E, coma quen busca de comer, leu.

Non pasaron demasiados días até que rematou o libro.

Custoulle, porque non estaba afeito a ler.

Pero, de súpeto, descubriu que por primeira vez desde chegara ao hospital, na súa cabeza resoaban outras cousas, outras palabras.

As cousas do libro. As palabras do libro.

Algunhas tristes coma a súa, outras alegres.

Pero distintas.

Era coma se vivise outra vida, máis alá daqueles corredores con cheiro a morte.

Entón, comezou a ler o libro outra vez, e cando o rematou, volveuno ler.

Total, o tempo estaba detido.

Así, unha e outra vez.

E cantas máis veces o lía, máis lle gustaba; canto máis lía nel, máis lle prendía na alma.

Pouco e pouco, se sen decatarse, a súa enfermidade debilitouse.

O seu ánimo fortaleceuse e sentiuse mellor.

Un par de meses despois, sandou.

Os médicos estaban abraiados.

Festexábano mentres el lía.

Preguntábanse entre eles se foran as doses axeitadas da medicación ou o tratamento de choque.

El non dicía nada.

Só sorría.

Sorría e continuaba a ler naquel libro.